

Resolución do procedemento de inscrición do monte Tuxe (Concello do Bolo) no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas

Antecedentes

1. O 10/02/2022 o xefe do Servizo de Montes de Ourense acordou o inicio do procedemento de inscrición do monte Tuxe (Concello do Bolo) no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas, de acordo co artigo 10 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas.
2. O 04/03/2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas do monte Tuxe.
3. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
4. Instruído o procedemento, conforme co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, prescindíuse do trámite de audiencia xa que non figuran no procedemento nin serán tidos en conta na resolución outros feitos nin alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
5. O 02/06/2022 o xefe do Servizo de Montes de Ourense formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte Tuxe no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546108
forestal.mediorural@xunta.gal



medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. Que se inscriba o monte **Tuxe** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Número de rexistro: 32018

Nome do monte: Tuxe (O Bolo, Ourense)

Titular: Parcelas privadas dos socios da Asociación de Veciños "Da Regueira"

Superficie a inscribir: 90,98 ha nun couto redondo.

- Couto redondo 1: 90,98 ha, *Castanea sativa* e *Quercus pyrenaica*, FCC 94%, idade 55 anos

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

